



CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DAS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS NO ÁMBITO DE MÚSICA. CURSO 2023/24

Ao abeiro do establecido no artigo 12.5 da Orde do 24 de xullo de 2024 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanza artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2023/24 (código de procedemento ED311F) (*DOG* núm.150, do 5 de agosto), os criterios de valoración serán os seguintes:

ÁMBITO DE MÚSICA

A gravación de música presentada valorarase atendendo aos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos.

a) Nivel técnico: **ata 50 puntos.**

- 1º. Dominar a técnica instrumental: **ata 25 puntos.**
 - Utilizar o esforzo muscular axeitado ás exixencias da execución instrumental: **ata 5 puntos.**
 - Utilizar a respiración axeitada ás exixencias da execución instrumental : **ata 5 puntos.**
 - Dominar a técnica interpretativa acorde ao repertorio presentado: **ata 15 puntos.**
- 2º. Dificultade e variedade do repertorio presentado: **ata 10 puntos.**
 - Interpretar obras de distintas épocas e estilos adecuadas ao nivel das ensanzas profesionais de música: **ata 5 puntos.**
 - Demostrar o dominio das dificultades do repertorio presentado adecuado ao nivel das ensanzas profesionais de música: **ata 5 puntos.**
- 3º. Ser capaz de corrixir a técnica durante a execución: **ata 15 puntos.**
 - Mostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Para tal fin, o xurado comprobará a capacidade da persoa aspirante de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para acadar unha interpretación adecuada: **ata 15 puntos.**



b) Calidade artística: **ata 50 puntos.**

- 1º. Calidade e equilibrio sonoro: **ata 20 puntos.**
 - Demostrar sensibilidade respecto das características propias do instrumento: **ata 20 puntos.**
- 2º. Aplicar elementos expresivos axustados ao estilo das obras: **ata 20 puntos.**
 - Amosar o concepto persoal da interpretación dentro da fidelidade á partitura: **ata 5 puntos.**
 - Amosar o concepto estilístico da interpretación dentro da fidelidade á partitura: **ata 10 puntos.**
 - Amosar liberdade de interpretación dentro da fidelidade á partitura: **ata 5 puntos.**
- 3º. Mostrar presenza escénica: **ata 10 puntos.**
 - Mostrar expresividade na interpretación dende a perspectiva escénica: **ata 10 puntos.**

ÁMBITO DE DANZA

A gravación presentada valorarase atendendo aos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos.

a) Nivel técnico: **ata 50 puntos.**

- 1º. Dominar a técnica da danza: **ata 25 puntos.**
 - Demostrar o grao de madureza e capacidade técnica respecto da colocación do corpo, o desenvolvemento muscular e a flexibilidade, a coordinación interior e rítmica de todos os movementos: **ata 10 puntos.**
 - Demostrar o grao de madureza e capacidade técnica respecto do dominio do equilibrio e o control do corpo, a precisión e a definición das proxeccións e dos desprazamentos, a utilización do espazo e a respiración do movemento: **ata 15 puntos.**
- 2º. Dificultade e variedade do repertorio presentado: **ata 10 puntos.**
 - Amosar virtuosismo na interpretación de obras adecuadas ao nivel das ensinanzas profesionais de danza: **ata 5 puntos.**



- Amosar versatilidade interpretativa fronte á variedade das pezas elixidas: [ata 5 puntos](#).
- 3º. Mostrar corrección na interpretación: [ata 15 puntos](#).
 - Mostrar o dominio na execución das obras a través da definición do movemento. O xurado comprobará a capacidade da persoa aspirante para evolucionar no espazo coa adecuada precisión e amplitude de movemento: [ata 15 puntos](#).

b) Calidade artística: [ata 50 puntos](#).

- 1º. Amosar calidade do movemento e musicalidade: [ata 30 puntos](#).
 - Amosar unha sensibilidade corporal e musical para a obtención dunha interpretación expresiva. O xurado valorará a capacidade artística no uso das distintas calidades do movemento : [ata 15 puntos](#).
 - Amosar unha sensibilidade corporal e musical para a obtención dunha interpretación expresiva. O xurado valorará a sensibilidade musical: [ata 15 puntos](#).
- 2º. Aplicar elementos expresivos axustados ao estilo das obras: [ata 20 puntos](#).
 - Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita a coreografía. O xurado valorará a capacidade para lograr unha interpretación expresiva axustada ao estilo e carácter das obras: [ata 10 puntos](#).
 - Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita a coreografía. O xurado valorará o sentido creativo e grao de desenvolvemento da personalidade artística da persoa aspirante: [ata 10 puntos](#).

ÁMBITO DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

O proxecto integrado ou proxecto final valorarase atendendo aos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos.

a) Nivel técnico: [ata 50 puntos](#)

- 1º. Calidade da presentación e execución: [ata 25 puntos](#).
 - Concreción na exposición dos obxectivos do proxecto: [ata 5 puntos](#).



- Adecuación dos obxectivos do proxecto ao público plantexado na memoria: [ata 10 puntos](#).
- Finalidade do proxecto e coherencia coas condicións do ámbito cultural, social e económico ao que vai destinado : [ata 10 puntos](#).
- 2º. Grao de eficiencia na resolución amosada no traballo presentado: [ata 25 puntos](#).
 - Cumprimento dos obxectivos propostos e resolución dos problemas co traballo final presentado: [ata 25 puntos](#).

b) Calidade artística: [ata 50 puntos](#)

- 1º. Creatividade: [ata 25 puntos](#).
 - Xustificación da linguaxe estética proposta e das técnicas representativas empregadas na concreción das diferentes fases da proposta final formal presentada (concepción, proxección e realización): [ata 10 puntos](#).
 - Orixinalidade e significación, estética e artística, da resolución proposta de proxecto plantexada : [ata 15 puntos](#).
- 2º. Adecuación do grafismo/tipografía/ilustracións á temática: [ata 25 puntos](#).
 - Emprego da linguaxe técnica axeitada acorde coa concepción da idea do proxecto plantexado: [ata 10 puntos](#).
 - Concordancia de tódolos recursos estéticos empregados (forma, tamaño, escala, cor, textura, materiais, grafismo, tipografía, ilustracións, etc.) na proposta estética final presentada: [ata 5 puntos](#).
 - Claridade, corrección técnica pulcritude e orde nos documentos que compoñen o proxecto: [ata 10 puntos](#).

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024